



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito: Dereito romano

Materia	Dereito: Dereito romano			
Código	O03G081V01104			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Suárez Blázquez, Guillermo			
Profesorado	Suárez Blázquez, Guillermo			
Correo-e	gsuarez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Nesta materia preténdese a adquisición da base necesaria e imprescindible para abordar o estudo de todas as demais ramas e institucións do Dereito, sexan de dereito público ou de dereito privado, de dereito procesual, civil, laboral ou comunitario e internacional.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B3	Ser capaz de utilizar os principios e valores constitucionais como ferramenta de traballo da interpretación do dereito e desenvolver dialéctica xurídica
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C13	CE17 - Coñecer o ordenamento xurídico romano, que é a base de todos os ordenamentos xurídicos europeos
C14	CE18 - Ser capaz de resolver calquera problema xurídico, teórico ou práctico, de Dereito privado
D1	Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos, así como, organización, planificación e utilización do tempo ante situacións de presión.
D4	Capacidade de comportarse de maneira ética e con responsabilidade social como cidadán e como profesional, respectando a diversidade e multiculturalidade.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer e saber analizar desde un punto de vista teórico e práctico as fontes e institucións do Dereito romano. Manexar toda a terminoloxía e o vocabulario xurídico.	A1	B1	C13	D1
	A2	B2	C14	D4
	A3	B3		D5
	A4	B4		
	A5			

Contidos

Tema

I. Introducción histórica ao dereito Romano	TEMA 1. Evolución histórica do Dereito romano. 1. Periodificación histórica. 2. Dereito romano arcaico. 3. A República. 4. O principado. 5. O dominado. 6. Justiniano. TEMA 2. Fontes do Dereito romano. 1. O Dereito romano primitivo: a lei das XII táboas. 2. O Dereito na época republicana: ius civile, ius gentium e ius honorarium. 3. O Dereito clásico durante o principado: a xurisprudencia. 4. O Dereito romano postclásico: Dereito vulgar. 5. O Corpus Iuris Civilis de Justiniano.
O proceso romano Dereitos reais	TEMA 1. A persoa como suxeito de Dereito. 1. Concepto romano de persoa. 2. Nacemento e extinción da persoa física. 3. Proba do nacemento e da morte. 4. Capacidade xurídica de obrar. 5. Causas modificativas da capacidade de obrar. TEMA 2. Os status da persoa física (1) 1. Status libertatis: libres e escravos. 2. Situación xurídica e social do escravo. 3. Causas da escravitude. 4. Modos de extinción da escravitude. Manumisiones. TEMA 3. Os status da persoa física (2) 1. Status civitatis: Cives romani, latini, peregrini. 2. Adquisición e perda da cidadanía. 3. Status familiae: o paterfamilias e os sometidos ao seu poder (patria potestas, manus, mancipium). 4. A capitis deminutio. TEMA 4. Introducción ao estudo do proceso romano. 1. Da xustiza privada á administración pública da xustiza. 2. Conceptos previos: proceso e relación procesual, xurisdición, acción e Dereito subxectivo. 3. Distintos tipos de procesos ordinarios civís. 4. A administración da xustiza en Roma. TEMA 5. O procedemento das legis actiones. 1. Nocións xerais. 2. Clases: Legis actio sacramento, Legis actio per iudicis arbitrive postulationem, Legis actio per conditionem, Legis actio per manus iniunctionem, Legis actio per pignoris capionem. 3. Valoración de conxunto. TEMA 6. O procedemento formulario: nocións introductorias. 1. Orixe e características do procedemento formulario. 2. A organización xudicial: maxistrados, a competencia e os demais límites da iurisdictio. Xuíces. 3. Clases de accións. 4. Capacidade e legitimación procesual. 5. A representación procesual. 6. Partes auxiliares e pluralidade de partes. TEMA 7. A fase in iure. 1. Actos preparatorios. Editio actionis, In ius vocatio, Vadimonium. 2. A causae cognitio do maxistrado e o seu contido. 3. Posibles causas de paralización do proceso. 4. Autorización da fórmula. TEMA 8. A fórmula e a litis contestatio. 1. Estrutura e contido da fórmula: partes ordinarias e extraordinarias. 2. Fórmulas civís e pretorias. 3. A litis contestatio e os seus efectos. TEMA 9. A fase apud iudicem e a execución da sentenza. 1. Desenvolvemento e práctica das probas. 2. A sentenza: orzamentos e requisitos; clases, efectos e remedios contra a sentenza. 3. Execución da sentenza: Actio iudicati, execución patrimonial, privilexios na execución. TEMA 10. Delimitacións conceptuais. 1. As cousas e a súa clasificación. 2. Terminoloxía e tipos de propiedade romana: Dominium, In bonis habere, propiedade peregrina, propiedade provincial. 3. Limitacións legais da propiedade romana. 4. A antítese entre dereitos reais e de obrigações. TEMA 11. Adquisición da propiedade. 1. Clasificación dos modos de adquirir a propiedade. 2. Modos orixinais: ocupación, adquisición do tesouro, accesión, especificación, confusio e commixtio, adquisición de froitos, adiudicatio, litis aestimatio. 3. Modos derivativos: Mancipatio, in iure cessio, traditio, usucapio e longi temporis praescriptio. A usucapión justiniana. TEMA 12. Protección procesual do propietario. 1. Acción reivindicatoria. 2. Acción publiciana. 3. Protección da propiedade provincial e peregrina. 4. Outros recursos procesuais. TEMA 13. A posesión. 1. Fundamento da protección posesoria. 2. Terminoloxía e evolución histórica. 3. A posesión pretoria e os interdictos posesorios. 4. A posesión civil: adquisición e perda da posesión. 5. Desenvolvemento ulterior da doutrina da posesión: a quasi-possessio. TEMA 14. As servidumes. 1. Orixe e evolución histórica. 2. Principios xerais. 3. Tipos de servidumes. 4. Constitución e extinción. 5. Defensa procesual. TEMA 15. O usufructo. 1. Concepto e orixe histórica. 2. Contido: significado do binomio uti-frui. 3. Responsabilidade do usufructuario: a caución usufructuaria. 4. Suxeito e obxecto do usufructo. 5. Constitución e extinción. 6. Defensa procesual. 7. O case-usufructo. 8. O dereito de uso e habitación. 9. Operae servorum.

TEMA 1. A obligatio. 1. Concepto e evolución histórica da obligatio. 2. A prestación: clases e caracteres. 3. Clases de obrigacións. 4. Lugar e tempo do cumprimento das obrigacións: a maura. 5. Obligatio e actio: as chamadas obrigacións naturais. 6. Fontes das obrigacións: época clásica, sistematización postclásica. TEMA 2. Transmisión e extinción das obrigacións. 1. Transmisión das obrigacións. 2. Extinción das obrigacións. TEMA 3. Os contratos. 1. Nocións xerais. 2. Distintas clases de contratos. 3. O principio da vinculación exclusiva dos suxeitos contratantes: estipulaciones a favor e a cargo de terceiros. TEMA 4. Contratos reais. 1. Mutuo: concepto e elementos. Efectos: usurae, accións, o Senadoconsulto Macedoniano, foenus nauticum. 2. Comodato: concepto, réxime xurídico. 3. Depósito: depositio ordinario, figuras especiais de depósito. TEMA 5. Contrato formais. 1. Contratos verbais: sponsio e stipulatio. Estrutura da stipulatio. Cancelación: a acceptilatio e a stipulatio aquiliana. 2. Contratos literais. TEMA 6. Contratos consensuales. A compravenda. 1. Orixes. 2. Concepto e elementos: o consentimento, a merx, o Pretium. 3. Obrigacións do comprador e do vendedor. 4. Accións. 5. A evicción. 6. A garantía por vicios ocultos. 7. Pactos engadidos á compravenda. TEMA 7. Contratos consensuales. A sociedade e o mandato. 1. O contrato de sociedade. 2. O contrato de mandato. TEMA 8. Contratos consensuales. O arrendamento. 1. Concepto e clases. 2. Arrendamento de cousa. 3. Arrendamento de obra: a lex Rhodia e as modalidades do seguro de risco. 4. A locatio-conductio e as relacións de traballo. 5. A responsabilidade dos navieros e hostaleiros. TEMA 9. Delitos privados. 1. Delictum e poena: características das accións penais. 2. Delitos de furto: concepto e clases. 3. Delitos de dano: a actio Legis Aquiliae, extensión pretorias. 4. Delitos de lesións: a actio iniuriarum. 5. Delitos varios en Dereito pretorio: accións delictuales in factum, delitos de metus, rescisión de negocios realizados por intimidación, acción de dolo.

IV. Dereito de familia

TEMA 1. A familia. 2. A familia na concepción dos xuristas romanos. 3. Constitución da familia. 4. Filiación, parentela e afinidade. 5. Réxime económico da familia: os peculios. 6. Disolución do vínculo familiar. TEMA 2. Matrimonium. 1. Características do matrimonio romano. 2. Matrimonium cum manu e matrimonium sine manu. 3. O matrimonio clásico

*V. Dereito de sucesións

TEMA 1. Nocións básicas introductorias. TEMA 2. Delación da herdanza. TEMA 3. Adquisición e aceptación da herdanza. TEMA 4. Efectos da adquisición hereditaria. TEMA 5. Sucesión lexítima ab intestato. TEMA 6. Sucesión testamentaria. TEMA 7. Contido do testamento (1): institución do herdeiro. TEMA 8. Contido do testamento (2): legados e fideicomiso. TEMA 9. Sucesión lexítima contra o testamento.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	22	36	58
Lección maxistral	30	58	88
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	0	3
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Probas de avaliación presenciais e Clases prácticas (Análise de textos histórico-xurídicos de contidos teórico-prácticos específicos de cada lección teórica. Debates. Resolución de dúbidas de todos os apartados e epígrafes da materia). Tamén é obrigatoria a asistencia ao noventa por cento das clases prácticas (90%) para poder examinarse como alumno oficial nas Probas de Avaliación Continua.
Lección maxistral	Exposición dos contidos esenciais da materia, complementada co uso, no seu caso, de medios audiovisuais, dirixida aos estudantes coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Resolución de preguntas teóricas dos temas que forman parte do contido da materia. As titorias do profesorado da materia pode consultarse o solicitarse no seguinte enlace: http://dereito.uvigo.es/es/docencia/profesorado/guillermo-suarez-blazquez/

Resolución de problemas	Resolución de problemas prácticos que forman parte do contido da materia. A titoría académica pódese facer de xeito presencial, por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros web de U. Vigo) despois de contactar co profesorado.
-------------------------	--

Avaliación							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Exame de preguntas de desenvolvemento	Realización de dúas probas escritas obxectivas (30% cada unha delas) dirixidas a lembrar os contidos previamente adquiridos. Pode consistir nunha ou varias preguntas longas ou varias preguntas curtas. Para superar a materia será necesario acadar seis puntos nesta parte. Neste apartado avalíase o resultado de aprendizaxe que aparece no segundo apartado da guía didáctica.	60	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C13 C14	D1 D4 D5	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliación periódica de intervencións e capacidade de presentación e debate.	40	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C13 C14	D1 D4 D5	

Outros comentarios sobre a Avaliación

REALIZACIÓN DE DÚAS PROBAS ESCRITAS DE AVALIACIÓN CONTINUA:

- PRIMEIRA PROBA ESCRITA DE AVALIACIÓN CONTINUA (TERCEIRA SEMANA DE OUTUBRO DE 2024): Constará de dúas preguntas curtas de desenvolvemento (Historia, Persoas, Proceso, Dereitos reais).

- SEGUNDA PROBA ESCRITA DE AVALIACIÓN CONTINUA (SEGUNDA SEMANA DE DECEMBRO 2024): Constará de dúas preguntas curtas de desenvolvemento (Obrigas e Contratos, Dereito de familia e Sucesións).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CONTINUA PARA 1a EDICIÓN DE ACTAS: Parte teórica e parte práctica: para aprobar a materia Dereito romano é obrigatorio a asistencia ao 90% das clases presenciais; É obrigatoria a asistencia ao noventa por cento das clases prácticas (90%) para poder examinarse como alumno oficial nas Probas de Avaliación Continua. Ademais, é obrigatorio aprobar tanto a parte teórica como a práctica. As probas escritas especificáanse nos apartados anteriores. Requisitos para manter a avaliación continua: a) Parte teórica: superar cada unha das probas obxectivas da Que a media das probas é de 6 puntos. Parte práctica: a) Que a media das probas é de 4 puntos; b) Asistencia ao 90% de todas as clases. Competencias avaliadas: CB1, CB2, CB3, CB4, CB5, CG1, CG2, CG4, CE13, CE14, CT1, CT4, CT5. Resultados da aprendizaxe: saber e saber analizar desde o punto de vista teórico e práctico as fontes e institucións do Dereito romano. Xestionar toda a terminoloxía e vocabulario xurídico.

Unha vez superado o prazo dun mes, desde o comezo do cuadrimestre no que se imparte a materia, habilitarase un prazo de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN FINAL PARA 1a EDICIÓN DE ACTA: Exame final teórico escrito de toda a materia que abrangue os criterios teórico-prácticos. É necesario superar a citada proba con 5. Competencias avaliadas: CB1, CB2, CB3, CB4, CB5, CG1, CG2, CG4, CE13, CE14, CT1, CT4, CT5. Resultados da aprendizaxe: saber e saber analizar desde o punto de vista teórico e práctico as fontes e institucións do Dereito romano. Xestionar toda a terminoloxía e vocabulario xurídico.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA 2a EDICIÓN DE ACTA E FIN DE CARREIRA: Proba obxectiva consistente nun exame final escrito de cada unha das partes nas que se divide a materia. É necesario superar a citada proba con 5. Competencias avaliadas: CB1, CB2, CB3, CB4, CB5, CG1, CG2, CG4, CE13, CE14, CT1, CT4, CT5. Resultados da aprendizaxe: saber e saber analizar desde o punto de vista teórico e práctico as fontes e institucións do Dereito romano. Xestionar toda a terminoloxía e vocabulario xurídico.

As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o presente curso académico 2024-2025 e documentación concordante.

As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao estudantado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.

As titorías do profesorado da materia pode consultarse e/ou solicitarse no/ seguinte enlace:

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

J. Daza Martínez- L. Rodríguez Ennes, **Instituciones de Derecho privado romano**, 4ª (Revisada y ampliada) Universidad Complutense (Madrid, 2001), TIRANT LO BLANCH, 2009

Daza Martínez, Jesús, **Iniciación al Estudio Histórico del Derecho Romano**, 3ª Universidad Complutense (Madrid, 1997), Closas Orcoyen, 1997

Antonio Fernández de Buján, **Derecho Privado Romano**, 4 edición, IUSTEL, 2016

Antonio Fernández de Buján, **Derecho Público Romano**, VIGÉSIMA EDICIÓN, THOMSON REUTERS, 2017

Federico Fernández de Buján, **Fundamentos Clásicos de la Democracia y la Administración**, Segunda Edición, Ediciones Académicas, 2015

Antonio Fernández de Buján, Juan Miguel Albuquerque, **Manual de Casos Prácticos de Derecho Romano**, Primera Edición, Dykinson, 2018

Manuel J. García Garrido, Federico fernández de Buján, **Derecho privado Romano**, 17ª Edición, Ediciones Académicas, 2015

Eduardo Volterra, **Instituciones de Derecho Privado Romano (Traducción, J. Daza Martínez)**, 2ª ed., Editorial Civitas, 1988

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón/O03G081V01922

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón/O03G081V01922

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia: Historia do dereito/O03G081V01205